

## **BASES DA PROMOCIÓN "RASCA E GAÑA" COMERCIO DE CULLEREDO DO CONCELLO DE CULLEREDO**

O Concello de Culleredo producirá un total de 105.000 papeletas "Rasca e Gaña" mediante os que se repartirán 2.574 premios, e entregará 500 boletos a cada un dos establecementos participantes, que repartirá un mínimo de 12 agasallos.

A repartición de boletos aos clientes efectuaráse entre o 5 de decembro de 2024 e o 6 de xaneiro de 2025 ou ata fin de existencias nos comercios e empresas participantes.

Será criterio do responsable do establecemento comercial decidir o número de boletos a entregar a cada cliente segundo o volume de compra e ata finalizar as existencias.

### **PREMIOS:**

#### **- Premios especiais**

- 1 SMART TV LG LED 50"
- 1 Smartphone REDMI NOTE 13 256 GB
- 3 Smartphone OPPO 128 GB
- 2 Tablet SPC 10,3"
- 2 Robots Foodie TAURUS
- 4 Fritadeiras de Aire Frier 3,5 L. UFESA
- 6 SmartWhatch SPC
- 4 Plancha Pelo ROWENTA
- 7 Auriculares PANASONIC

#### **- Resto de premios**

- 848 Blocks notas
- 848 Mochilas Spook
- 424 Huchas Darfil
- 424 Llaveros Tofin

No caso de atopar un dos premios especiais nun boleto o/a premiado/a terá que chamar ao teléfono 620 00 84 50 onde lle indicarán cando dirixirse co boleto premiado á oficina do Concello ( Promoción Económica), situada no CENTRO MUNICIPAL "PABLO PICASSO" C/ Antonio Machado, s/n. 15670. O Burgo-Culleredo. Teléfono: 981-664204, en horario de 10:00 a

14:00h. de luns a venres, onde o persoal da oficina ocuparase de xestionar a entrega do agasallo.

En ningún caso os premios serán trocables polo seu valor en efectivo. Non se considerarán válidos os boletos premiados cando nos mesmos se aprecien roturas, riscadas, emendas ou deterioracións, ou calquera outra alteración ou manipulación que impida ou dificulte o seu total e perfecta identificación e autenticación como boletos premiados.

Os gañadores dos PREMIOS ESPCIAIS terán que confirmar a aceptación do premio por escrito para poder recibilo mediante a sinatura dun documento que lles entregará o Concello de Culleredo. O premio Smart TV LG LED 50 “ estará suxeito a ingreso a conta do IRPF, que correrá a cargo do gañador.

#### **CONDICIÓN XERAIS DA PROMOCIÓN:**

Non poderán participar na promoción o titular, os empregados ou ascendentes/descendentes directos do titular do establecemento emisor do boleto. Si poderán participar nos emitidos por outros establecementos asociados.

Os premios só poderán ser entregados a maiores de idade. No caso de que algún premiado sexa menor de 18 anos a entrega realizarase aos seus titores legais, que deberán acreditar documentalmente a súa condición.

Os establecementos participantes estarán identificados cun cartel indicando a campaña. A data límite para reclamar o premio é o 15 de xaneiro de 2025. Os concursantes poderán consultar as bases do presente sorteo durante o período no que estea vixente a promoción na páxina web [www.culleredo.es/](http://www.culleredo.es/) . Os/as/as premiados autorizan ao Concello de Culleredo a utilizar publicamente o seu nome e imaxe en medios, RRSS e en calquera soporte divulgativo relacionado coa Campaña “RASCA E GAÑA” do Concello de Culleredo. A participación na campaña implica a aceptación íntegra das bases.